

---

## Resolución da Secretaría Xeral, de 4 de marzo de 2021, de aceptación de renuncia de candidatura e conclusión de procedemento electoral

Á vista da súa comunicación sobre a renuncia á candidatura dun membro do alumnado presentada ás eleccións a representantes nos consello de Departamento,

Á vista de que aceptación da dita renuncia implica que o número de prazas disponibles sexa igual ou superior ao de candidaturas presentadas,

Á vista de que, no caso anterior, corresponde declarar concluído o proceso electoral no sector correspondente,

Á vista do disposto no artigo 27.7º do regulamento electoral xeral no que se indica que “*no caso de renuncia ou falecemento do candidato ou candidata con anterioridade ao día da votación, a comisión electoral ou a xunta electoral, segundo proceda, comunicaralles ás mesas electorais correspondentes para os efectos derivados da aplicación do presente regulamento*”,

Á vista de que a comisión electoral acordou o pasado 12 de febreiro de 2021 delegar na Secretaría Xeral as cuestións de trámite e as respostas as dúbidas que poidan xurdir ata a data de emisión de voto,

Esta Secretaría Xeral

### RESOLVE

**Primeiro.-** Aceptar a renuncia á súa candidatura presentada polo alumno Antonio Manuel Ramos Vázquez ao Departamento T01 de Deseño na Enxeñaría.

**Segundo.-** Declarar rematado o proceso electoral de representantes de alumnado no Departamento ao que foi presentada a dita candidatura.

*Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

*As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

O Secretario Xeral  
(por delegación do Reitor)

*Ao/s presidentes/s da/s Xunta/s electoral/is correspondents/s*